



A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CONCEDE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO

A **Deputación Provincial de Pontevedra** ven de conceder ao Concello de Catoira una SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO NA OFICINA DE TURISMO DE CATOIRA, adherida á **Rede de Oficinas de Turismo INFO Rías Baixas**, para o ano 2022.

A subvención, por importe de **6.048,48 euros**, foi concedida pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial na sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, logo de ser solicitada polo Concello de Catoira ao abeiro da correspondente convocatoria, e comunicada á administración municipal o pasado día 3 de xuño (BOPPO Nº 106).

A prestación do servizo iniciárase o día 20 de xuño de 2022 e terá una duración de 6 meses. O pagamento da citada subvención farase una vez remitida á Deputación Provincial a documentación xustificativa na forma e prazo indicado nas Bases Reguladoras da convocatoria.

Catoira, 15 de xuño de 2022

O ALCALDE-PRESIDENTE

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

